

# CUADRANTE



*O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (III)*

*DE GREMIO DE MAREANTES A PROLETARIOS DO MAR:  
OS MARIÑEIROIS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN*

*DE VICETTO A VALLE-INCLÁN*

*VALLE-INCLÁN E O SINDICALISMO CATÓLICO*

*LA DIFÍCIL CONVIVENCIA DEL GENIO LITERARIO:  
EL CASO DE BLASCO IBÁÑEZ Y VALLE-INCLÁN*

*LAS COMEDIAS BÁRBARAS DE BIGAS LUNA*

*ENFERMEDAD Y MUERTE DE VALLE-INCLÁN*

Nº 11

*Los Amigos  
Valle-Inclán*

Vilanova de Arousa



# CUADRANTE



Revista cultural da  
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

*O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (III)*

*DE GREMIO DE MAREANTES A PROLETARIOS DO MAR:  
OS MARIÑEIRO S NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN*

*DE VICETTO A VALLE-INCLÁN*

*VALLE-INCLÁN E O SINDICALISMO CATÓLICO*

*LA DIFÍCIL CONVIVENCIA DEL GENIO LITERARIO:  
EL CASO DE BLASCO IBÁÑEZ Y VALLE-INCLÁN*

*LAS COMEDIAS BÁRBARAS DE BIGAS LUNA*

*ENFERMEDAD Y MUERTE DE VALLE-INCLÁN*

Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9  
VILANOVA DE AROUSA.  
APARTADO DE CORREOS Nº 66  
Agosto 2005

*Director:*

Gonzalo Allegue

*Subdirector:*

Francisco X. Charlín Pérez

*Secretario de redacción:*

Víctor Viana

*Consello de Redacción:*

Xosé Luis Axeitos  
Ramón Martínez Paz  
Xaquín Núñez Sabarís  
Xosé Lois Vila Fariña  
Ramón Torrado

*Xestión e administración:*

Pablo Ventoso Padín  
Ángel Varela Señoráns

*Ilustracións:*

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

*Deseño e maquetación:*

Nieves Loperena

*Imprime:*

Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

## SUMARIO:

X. L. Axeitos

*O valleinclanismo*

*na cultura galega (III)*..... pax. 5

Francisco X. Charlín Pérez

*De gremio de mareantes a proletarios  
do mar: os mariñeiros na Galicia de*

*Valle-Inclán*..... pax. 10

Xulio Pardo de Neyra

*De Vicetto a Valle-Inclán*..... pax. 61

Alberto Martínez López

*Valle-Inclán e o sindicalismo católico* . pax. 67

Antonio Espejo

*La difícil convivencia del genio  
literario: el caso de Blasco Ibañez y*

*Valle-Inclán*..... pax. 82

Lena Pla / Víctor Viana

*Las Comedias Bárbaras de*

*Bigas Luna*..... pax. 91

Luis A. Fariña

*Enfermedad y muerte de Valle-Inclán: historia  
de un tumor vesical recidivante en el primer*

*tercio del siglo XX* ..... pax. 101

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



*Cuadrante* é membro de ARCE,  
(Asociación de Revistas Culturais de España)



## O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (E III)

X. L. Axeitos  
DA REAL ACADEMIA GALEGA

**N**os dous artigos anteriores<sup>1</sup> tivemos ocasión de seguir as diversas opinións reflectidas nos xornais galegos principalmente arredor da galeguidade da obra de Valle Inclán. Certamente, como xa temos dito, a polémica empeza moi cedo e ten fondas raíces ideolóxicas nun país e nunha cultura que estaba a poñer acento galego en todas as manifestacións artísticas, políticas e sociais. Lembremos que por volta de 1897 créase a Liga Galega na Coruña, que por boca de Manuel Lugrís, Uxío Carré, Salvador Golpe, etc, descubre e asume a fala galega como identidade. Ata este momento os provincialistas estaban, seguindo a Saussure, instalados na lingua, eran defensores dun código lingüístico, a lingua galega como código abstracto, que non a fala individual do pobo aínda ignoto e distante.

Mais os homes da *Liga* descubren o valor da fala e a través dela tentan integrarse no pobo, reivindicando as súas formas e costumes. Está a chegar ó seu cumio o sentimento de lealdade á fala materna que inspirou a diatriba de Schiller contra dos que se entregaban a calquera lingua:

Porque un verso che sae ben nunha lingua culta/ que compón e pensa por ti, coidas xa ser poeta.<sup>2</sup>

Este proceso dignificador, que ven do século XVIII (lembremos a Sarmiento) e atravesa, loitador e reivindicativo, o século XIX, propicia o debate arredor da galeguidade de certos artistas e escritores. O uso da lingua marcará a partir deste

momento unha fronteira diferenciadora onde certas palabras como *desleigado* van intensificar o seu uso para referirse a todas aquelas persoas que coma Valle Inclán ou Pardo Bazán non teñen a lealdade debida á terra e á cultura que os aleitou.

A elección de Valle non ofrece a menor dúbida segundo deixou sentado en numerosas ocasións:

Nosotros los autores castellanos que venimos de regiones dialectales, nos batimos con grandes enemigos. No es el primero ni el mayor, que hablamos un mal castellano. En Galicia no se habla gallego. Sino una lengua contaminada de castellano. Llegar a saber castellano es nuestra mayor dificultad. Cuando el joven gallego, catalán o vasco siente la aspiración de escribir, aparece una sirena que le dice: «Si hablas en tu lengua regional serás un genio. En la lengua regional no hay que luchar con veinte naciones, basta luchar con cuatro provincias». Ser genio en el

<sup>1</sup> «O valleinclanismo na cultura galega» en *Cuadrante*, nº 8, xaneiro, 2004, pp. 5-19 e nº 9, xullo 2004, pp. 5-11.

<sup>2</sup> Cita en castelán por Claudio Guillén, *Entre lo uno y lo diverso*, Tusquets, Barcelona, 2005, p. 306.

dialecto es demasiado fácil. Yo me negué a ser genio en mi dialecto y quise combatir con cien millones de hombres, y lo que es más, con cinco siglos de heroísmo de la lengua castellana.<sup>3</sup>

Son manifestacións desta natureza as que xustifican a actitude do profesor Carballo Calero, máximo defensor do alleamento da obra de Valle, cando califica de *pan-galeguistas* a todos aqueles que defenden a galegitude do escritor da Arousa porque todo o ven baixo o aspecto da galegitude. A liña que separa a Valle de Galicia, segundo expón Carballo Calero, é lingüística e cultural. E moi distinta da actitude doutros egrexios escritores que, como Turgue-niev que inquerido para escribir en francés despois de residir alí tantos anos contestaba que era unha canallada non facelo na propia lingua.

Mais nun primeiro momento persiste este *pan-galeguismo* provincialista que quere ver espírito galego en toda manifestación. Tal é o caso de Wenceslao Fernández Flórez que en 1912 atopa igual

espíritu galego en Castelao e en Valle Inclán:

Castelao es un caricaturista personalísimo con maneras propias, con visión propia, con psicología propia en sus obras...



Castelao

Toda su alma gallega ha llevado la socarronería de la raza y la secreta melancolía de ella a los cartones... Sus caricaturas, como las novelas maestras son sugeridoras de ideas para el contemplador. En la Exposición, «La Loca del monte», «La bohemia aldeana», cuentos sombríos de Valle-Inclán, con su mismo espíritu, con su mismo ambiente, nuestro e intenso.<sup>4</sup>

Nesta mesma liña *galeguizante* (segundo terminoloxía empregada por Blanco Amor) se xustifica unha antoloxía de

poetas galegos, prologada polo mesmo Fernández Flórez, na que figuran poemas casteláns de Valle-Inclán, Rey Soto, Fernández Mato, etc. o pé de Rosalía, Curros e Manuel Antonio.<sup>5</sup>

Na mesma liña se manifesta o artigo de Ramón M<sup>a</sup> Tenreiro que dous días antes e

<sup>3</sup> F. Madrid, *La vida altiva de Valle-Inclán*, Buenos Aires, 1943, p. 102. (cit. por Ciriaco Ruiz Fernández, *El léxico del teatro de Valle-Inclán (Ensayo interpretativo)*, Salamanca, 1981, p. 66.

<sup>4</sup> W. Fernández Flórez, «Alfonso R. Castelao» en *El Noroeste*, 15 de agosto, 1912, con motivo da Exposición de Arte Gallego celebrada en Coruña en xullo de 1912.

<sup>5</sup> *Los poetas. Antología de poetas gallegos*, prólogo de W. Fernández Flórez, Madrid, 1929.

co mesmo motivo da Exposición da Arte Galega reproduce o xornal coruñés *El Noroeste*:

En otro paisano nuestro, insigne, aunque menos amplio escritor en lengua castellana, en don Ramón del Valle-Inclán, viven con embrujada fuerza la mayor parte de los caracteres del espíritu de nuestra tierra: los amores lánguidos y sentimentalmente enfermizos, la maraña de alucinaciones y de terrores ultrahumanos.

Tamén a crítica española insistía unha e outra vez no sentimento galego da paisaxe e dos personaxes valleinclanescos ata por parte dos seus máis ríxidos detractores:

El lirismo, la poesía y el sentimiento intenso del paisaje natal, que son los primeros componentes de la verdadera e íntima personalidad del gran prosista, hallan aquí su más feliz expresión... Cada vez que Valle Inclán, en cualquiera de las etapas que hemos señalado en su carrera, se encaró con la naturaleza y con las gentes que le son familiares, y trasladó al papel la vibración sincera de su temperamento poético, brotaron de su pluma esas páginas admirables...<sup>6</sup>

A insistencia tópica neste punto, con desigual fortuna expositiva, abonda en tódalas épocas:

Ningún literato gallego supo —como el autor de las *Sonatas*— incorporar a la lengua castellana la ternura de nuestro idioma regional... Pues esa ternura del gallego transfundióla en el castellano nuestro insigne D. Ramón María del Valle-Inclán.<sup>7</sup>

<sup>6</sup> Julio Casares, *Crítica profana*, Austral, Madrid, 1964, pp. 82-83.

O autor do artigo, célebre avogado coruñés e presidente do Instituto de Estudos Gallegos, non renuncia nesta mesma tribuna a utilizar a autoridade de Valle para facer unha defensa da ortografía contraria á tendencia lusista dalgún significado escritor da época:

Pero el autor de *Lámpara maravillosa* exhala dolorida queja contra el nuevo galleguismo que hace del idioma regional, una servil traducción portuguesa.

Estas opinións bulen nas necrolóxicas que diferentes xornais de Galicia lle adican ó escritor en xaneiro de 1936; así por exemplo *La Voz de Galicia*:

Esta vez la frase estereotipada recobra toda su fuerza y todo su valor, porque es exacta y justa: con D. Ramón del Valle-Inclán pierde Galicia uno de sus mejores intérpretes y España una de sus figuras literarias más preclaras.

No escribió en gallego Valle Inclán; pero nadie como él llegó a una comunión tan íntima con nuestro paisaje y a una comprensión tan profunda del alma de nuestras gentes.<sup>8</sup>

En parecidos termos se expresa tamén a necrolóxica de *El Pueblo Gallego*:

Se nos ha ido Valle-Inclán, que era compendio y exponente de la poderosa, de la incontentada espiritualidad que late en el alma de nuestra raza. Pero su obra queda, eternamente. Porque hay en ella lo esencial, lo intemporal, lo que infunde permanencia, que la hace escapar a la acción del olvido. Porque es obra de constante existencia. Porque ha contribuido como otra

<sup>7</sup> Manuel Casás, «De Viaje. D. Ramón María del Valle Inclán» en *La Voz de Galicia*, 6 de marzo de 1921.

<sup>8</sup> *La Voz de Galicia*, 7 de xaneiro de 1936.

alguna —mejor que ninguna otra— a que Galicia acusara con perfiles definidos, estables e imborrables, su incorporación al movimiento de la cultura de Occidente.

Ante a proposta dunha homenaxe a Valle coa iniciativa principal de Victoriano García Martí, Anxel Fole súmase á petición con estas palabras:

No puede admitirse, sin ruda violencia a nuestra sensibilidad, que se deje ausentarse a Valle Inclán de sus lares, sin testimoniarse antes cuánto su obra honra nuestra condición de gallegos y nuestra plena conciencia de ello. Así contradiríamos —victoriosamente— su opinión de que somos un pueblo desarticulado y amargo. Porque el público reconocimiento de sus personalidades más valiosas es quizá el medio más eficaz que posee un pueblo para demostrar la existencia del sentimiento de su unidad. Este sería el significado más profundo del acto.<sup>9</sup>

Estas palabras de Fole, a necesidade dun modelo no que recoñecerse como pobo, semellan unha crise de identidade nun país que está a facerse no propio discurso literario e reflexivo.

Cando este debate da identidade estaba no momento máis apaixonado, nos anos vinte, e cando a admiración por Valle era máxima, a voz de Blanco Amor desde Montevideo<sup>10</sup> nega carta de galeguidade ó escritor de Vilanova.

O escritor de Ourense sabe que o tema da conferencia é unha causa trascendente:

Nuestros artistas tienen que entender, y lo entienden, que Galicia debe todavía crearse, o mejor dicho recrearse, y plasmar en todos nosotros una conciencia integral y profunda de ser gallegos. Lo que se diría en lenguaje cóncavo y profesoral, una conciencia de raza.

E cunha lucidez rechamante nese momento renovador da arte galega, Blanco Amor deixa estas palabras a respecto do tema:

Sotomayor no gana el pan del arte gallego con el sudor de la angustia gallega sino que recoge fáciles rentas del otoño harto y fulvo que la tierra le da a cambio de sus riquezas cromáticas. Por eso Sotomayor no fue al paisaje puro ni a los tipos puros de raza, hijos del paisaje, que como ya está dicho en muchos sensatos [sic] Galicia es más geografía que psicología. Estéticamente es hermano de los escritores gallegos de final del otro siglo y comienzo del presente, que perpetraron, con la mejor buena fe, una Galicia exportable y convencional; si bien este alto maestro se libró de las fantasmorías, vestigios, supersticiones y tragicuchías de las que fueron tan devotos los cuales literatos (que por cierto vivían todos en la Corte) y hacían circular por el mundo la leyenda de una Galicia aplastada bajo todos los terrores del milenario; Galicia de la que fue vicario en las letras castellanas otro gran ingenio desertor de su verdadera patria: Don Ramón del Valle-Inclán. De una vez por todas es necesario establecer la diferencia que media entre lo gallego y lo galleguizante. Para apoyar con ejemplos esta cuestión, podemos decir: son gallegos Castelao y Cabanillas. Sotomayor y Valle-Inclán, aun admirándolos tanto como yo los admiro, corresponden a la clasificación de galleguizantes.


Este repaso en tres actos polo vallein-clanismo xornalístico en Galicia mostra

<sup>9</sup> Angel Fole, «Homenaje a Valle Inclán» en *El Pueblo Gallego*, martes 16 de xullo de 1935.

<sup>10</sup> Blanco Amor, «Cateo y denuncia de un posible arte gallego». Conferencia leída en el Centro Gallego de Montevideo el 30 de noviembre de 1920. Montevideo, 1930.



unha vez máis a recepción polémica do escritor nunha cultura que estaba a loitar por sobrevivir. Isto explica que algúns queiran ver en Valle a un desertor dunha causa noble que non descoñecía pero que ignora e rexeita conscientemente. Non esquezamos que o pai do autor de *Divinas Palabras* procede culturalmente do provincialismo e do liberalismo como acredita a súa correspondencia con Murguía. E que o mesmo Valle-Inclán, prologa-



Blanco-Amor

do o seu primeiro libro polo Patriarca en 1895, dedica en 1893 un artigo ó emblemático Banquete de Conxo<sup>11</sup> onde mostra un coñecemento axustado do simbolismo do acto.

Outro xeito de recepción procede dos que ven en Valle un espírito rebelde, laico, republicano e ata marxista ó final. Digamos

que o compromiso político e social de moitos críticos e lectores trae o exemplo do escritor como paradigma, sobre todo ante as descalificacións que a actitude política e moral do escritor suscita entre os conservadores, monárquicos e falanxistas. Esta defensa, autorizada por Castela, prende tamén no exilio, necesitado de símbolos que avalaran a súa rebeldía moral contra do franquismo.

De calquera xeito fica claro que detrás da recepción

da obra de Valle latexa, máis ou menos explícito, o discurso da construción da identidade de Galicia. Dito con outras palabras, non ten o mesmo tratamento o vallein-clanismo en Galicia que en México<sup>12</sup> ou en España onde Galicia non é máis que o telón de fondo da obra de Valle, unha pinga ocasional no mar creativo do escritor.

<sup>11</sup> Vid. Xesús Alonso Montero, *Sobre o Banquete de Conxo. Un artigo descoñecido de Valle Inclán en Faro de Vigo*, 4-V-1984.

<sup>12</sup> Onde por certo abundan os estudos con este título despois da visita que fai Valle a México en 1921. Pódese consultar ó respecto Luís Mario Schneider, *Todo Valle Inclán en México*, UNAM, 1992.






**Casa - Museo**  
**Ramón del Valle-Inclán**

**Rúa Luces de Bohemia**  
**Vilanova de Arousa**



**CONCELLO DE**  
**VILANOVA DE AROUSA**

***REPSOL***  
**YPF**





Vilanova de Arousa

# CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €